



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

DECRETO: Proposta da contratación da funcionaria da escala de administración xeral, subescala técnica, grupo A-subgrupo A2 técnico/a de xestión

DON XOAN XESUS CARRIL RAMOS, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Vista a Xunta de Goberno Local deste Concello na data de 12 de setembro de 2025 aprobou a Oferta de Emprego Público para o ano 2025, previamente negociada cos representantes dos traballadores na mesa de negociación de data 10.09.2025.

Dita OEP foi publicada no BOP n.º 182 de data 24 de setembro de 2025, en no DOGA n.º 194 de data 8 de outubro de 2025.

Entre as prazas aprobadas na citada oferta, figura a praza de persoal funcionario con código/denominación 3101/ Técnico de Xestión, grupo A/A-2, Escala/Subescala de Administración Xeral / técnica e forma de acceso, acceso libre.

Vista a providencia da alcaldía bases e convocatoria da praza de técnico/a de xestión do concello de Arzúa de data 10/11/2025 que figura no expediente TEDEC: 2025/E003/000002.

Visto o informe de secretaría das bases e convocatoria de data 10/11/2025.

Visto o informe de existencia de crédito da contratación do/a técnico/a de xestión de data 18/11/2025.

Vista a acta de negociación de data 18/11/2025 e vista a proposta dirixida a xunta de goberno local de convocatoria e bases que rexerán o procedemento selectivo para a provisión dun posto de traballo de funcionario/a da escola de administración xeral, subescala técnica, grupo A- Subgrupo A2 de técnico/a de xestión (expediente TEDEC: 2025/E003/000002.).

Vista a dilixencia de fiscalización de data 18/11/2025.

Visto anuncio BOP n.º 228 do 27 de novembro de 2025 e DOG n.º 249 de data 26 de decembro de 2025.

Visto o BOP n.º 24 do 5 de febreiro de 2026 anuncio relativo ás bases publicadas de técnico/a xestión no BOP n.º 228 do 27 de novembro de 2025 e a corrección de erros no DOG N.º 28 DE 11 de febreiro de 2026 E BOE N.º 13 do 15 de xaneiro de 2026 e BOE N.º 40 de 14 de febreiro de 2026.

Visto o decreto n.º 173/2026 de data 09/03/2026 das listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as provisionalmente. E visto o anuncio no BOP de data 21/04/2026 da listaxe provisional admitidos/as e excluídos/as praza técnico/a xestión Concello de Arzúa.

Visto a aprobación da lista definitiva publicada no BOP do 8 de maio de 2026 (Bop n.º 85).

Visto as plantillas das respostas correctas publicadas no taboeiro de anuncios da sede electrónica do concello de Arzúa de data 16/05/26 e o anuncio da corrección do 1º exercicio publicado no taboeiro de anuncios da sede electrónica do concello de Arzúa o día 26/05/26 e o anuncio revisión do 1 exercicio publicado o día 02/06/26 no mesmo medio.

Visto o anuncio publicado o día 09/06/26 no taboeiro de anuncios da sede electrónica do concello de Arzúa dos resultados test de técnico de xestión e convocatoria do segundo exercicio da fase de oposición, e visto anuncio de rectificación do 1 exercicio de data 14/06/26 e o anuncio suspensión do 2 exercicio de data 15/06/2026 publicados ambos no taboeiro de anuncios da sede electrónica do concello de Arzúa.

Visto o anuncio da convocatoria do segundo exercicio de data 15/04/26.

Visto anuncio do tribunal dos resultados do segundo exame de data 21/06/26 e vista a acta do 2 exercicio publicada o día 22/07/26 no taboeiro de anuncios da sede electrónica do concello de Arzúa.

Visto o anuncio da convocatoria do terceiro exercicio de data 15/09/26.

Visto o anuncio do tribunal cualificador deste proceso publicado o día 28 /09/2026 e a acta do tercer exame publicado ése mesmo día, no que se propón o nomeamento como funcionaria de carreira do subgrupo A2 do Concello de Arzúa para a praza de técnico de xestión a dona Berta Lorenzo Pazos.

Polo presente en uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local e na base 10ª das que rexen este proceso, **RESOLVO:**

PRIMERO. Propoñer a contratación de **Dna Berta Lorenzo Pazos.**

SEGUNDO- Según a base 10 das bases que rexen éste proceso selectivo, publicada no BOP N.º 228 do 27 de novembro de 2025 na que se require a interesada, no prazo de 20 días naturais, dende a publicación de aprobados os documentos acreditativos da capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

— Certificado médico oficial sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación incompatible coas funcións a desempeñar, sen prexuízo da posibilidade de posterior recoñecemento.

— Certificado disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou órgano constitucional ou estatutario das Comunidades autónomas, nin de encontrarse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpo ou escala de funcionario ao que pertence a praza. E no caso de cidadáns con nacionalidade distinta da española: declaración xurada de non encontrarse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado da súa nacionalidade, nos mesmos termos o acceso ao emprego público que no Estado español.

— Tarxeta sanitaria ou documento da Seguridade Social onde conste o corresponde número de afiliación

— Certificado da conta bancaria.

— Impreso no modelo oficial do IRPF relativo ás retencións sobre os rendementos do traballo, comunicación de datos do pagador.

TERCEIRO- Non se constituirá bolsa, xa que non hai candidatos que superaran a puntuación mínima para acceder a citada bolsa.

CUARTO -Publicar éste decreto no Taboeiro de anuncios do Concello de Arzúa (<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/informacion>) , e notificar ésta resolución a interesada.

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O Alcalde-Presidente
Asdo: XESÚS XOÁN CARRIL RAMOS

Dou fe, o secretario
Asdo: ALFONSO MANUEL ALCALÁ PÉREZ